


TEMA 5. - COMENTARIO DO PÓRTICO DA GLORIA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: o Pórtico da Gloria é unha escultura monumental (relevos) de temática relixiosa do Románico final na que se albiscan elementos do Gótico. Foi realizada na segunda metade do século XII, entre os anos 1168 e 1188 (esta última data aparece no lintel da arcada central). Localízase no nártex da fachada oeste (principal) da Catedral de Santiago de Compostela, detrás da Fachada barroca do Obradoiro. Para estudar o Camiño de Santiago e a propia Catedral é fundamental *"O Códice Calixtino"*, libro escrito por un peregrino francés do século XII: é un documen-



to valiosísimo, unha auténtica guía do Camiño que recolle todas as etapas do mesmo, os hospitais, fondas, mosteiros, igrexas..., que se construíron en torno ao Camiño, sendo de especial relevancia a descrición que fai da Catedral de Santiago. No *Códice* indícase o nome dos arquitectos e escultores que traballaron na Catedral. O escultor autor do Pórtico da Gloria foi o mestre Mateo que asinou a obra no lintel da arcada central e representouse a si mesmo na parte posterior do parteluz da arcada central (axeonllado e mirando cara ao altar maior da Catedral, ofrecendo a súa obra ao apóstolo

Santiago); a figura de Mateo é coñecida popularmente como o "Santo dos Croques". Material: granito e mármore (escaso). A restauración do Pórtico comezou no 2009 e abriuse de novo ao público no ano 2018.

c.- Analiza e comenta a obra:

No Románico volve acometerse con forza a escultura monumental (como no mundo clásico), destacando a das portadas (especialmente a dos tímpanos); polo contrario, a escultura exenta é moi escasa e redúcese a imaxes de Cristo Crucificado e da Virxe co Neno. A cor ten un grande protagonismo: as esculturas estaban policromadas con cores vivas e irrealis.


O Pórtico da Gloria é a obra máis importante de finais do Románico que, mantendo elementos propios deste estilo, anuncia características do Gótico.

Representábase o tema máis destacado do Románico, a Apocalipse: Cristo baixará á Terra para xulgar aos vivos e aos mortos (Xuízo Final); despois a Xerusalén Celeste baixará á Terra e nela vivirán os benaventurados a vida eterna con Cristo: é a Gloria. A figura principal da Apocalipse e do Románico é o Cristo Pantocrátor (Cristo Todopoderoso), de maior tamaño que o resto das figuras, que recibe tamén o nome de Maiestas Domini, é dicir, Cristo en Maxestade ou Cristo Rei porque aparece sentado no trono celestial e con coroa de rei, leva nimbo cruciforme na cabeza, alza a man dereita, xesto que se interpreta como unha bendición ou como a impartición de xustiza, namentres na man esquerda sostén o *"Libro da Vida"* que po-

de aparecer pechado ou aberto e reflicte a súa natureza divina; aparece rodeado pola mandorla ou améndoa mística, forma ovalada que lle confire un carácter divino; a ambos lados da súa cabeza poden aparecer as letras alfa e omega que significan que Cristo é o principio e o fin. Representa en definitiva a un Deus xusticeiro e aterrador.

Nas visións apocalípticas pode aparecer Cristo presidindo o Xuízo Final ou rodeado polo te-tramorfos, é dicir, os catro evanxelistas cos seus símbolos correspondentes: San Mateo, un anxo ou un home, San Marcos, un león, San Lucas, un touro, e San Xoán, unha aguiá. Nesta escena tamén poden aparecer os 24 anciáns cos seus instrumentos.

- **Programa iconográfico conxunto do Pórtico:** a Catedral de Santiago comezara a construírse pola Capela do Salvador (absidiolo central do deambulatorio), o último tramo realizado foi a portada principal (oeste): ao chegar a ela, a Catedral quedaba moi elevada con respecto ao nivel da rúa (actual Praza do Obradoiro). Mateo aproveitou este desnivel para construír, xustamente debaixo do Pórtico, a Cripta, coñecida como Catedral Vella (é




unha falsa cripta xa que está a nivel do solo e as criptas sitúanse baixo terra). Coa Cripta, o Pórtico e o tramo da Tribuna situado enriba do Pórtico, Mateo creou un programa iconográfico conxunto dunha extremada perfección que representa a Apocalipse (baséase no "Apocalipse" de San Xoán e noutras visións apocalípticas de profetas).

► A cripta ou Catedral vella: correspóndese co piso inferior. Simboliza a Terra antes da Apocalipse: representase mediante a decoración vexetal e historiada dos capiteis; as bóvedas de cruzaría simbolizan o Ceo: na clave dunha bóveda aparece o Sol sostido por un anxo e na clave doutra bóveda a Lúa sostida por outro anxo.

► Pórtico da Gloria: correspóndese co piso medio. Simboliza a Apocalipse.

► Tribuna: correspóndese co piso superior. Mateo construíu xusto enriba do Pórtico unha grande bóveda de cruzaría en cuxa clave esculpiu o Cordeiro Místico que é o símbolo de Cristo. Simboliza a Xerusalén Celeste.

O PÓRTICO DA GLORIA está constituído por tres arcos de medio punto, que se corresponden con cada unha das tres naves da Catedral, sustentados por grosos piares compostos cuxas columnas teñen esculturas adosadas. O arco central é o maior (o dobre que cada un dos laterais) e o único que posúe tímpano e parteluz.



De abaixo a arriba distínguense tres partes: inferior, formada por zócalos; media, formada polas columnas e o parteluz, ambos con esculturas adosadas; superior, formada polos arcos.

Presenta trazos Románicos polos seguintes aspectos:

- A temática apocalíptica.
- Os arcos de medio punto.
- As figuras das arquivoltas colocadas de forma radial, é dicir, seguindo a disposición das doelas (na arcada central e na da esquerda).
- O horror vacui.
- A perspectiva xerárquica no tímpano central.
- A frontalidade dalgunhas figuras e a súa superposición.
- A ausencia de comunicación entre as figuras.
- A isocefalia.
- O espazo límite.
- A policromía.

Anuncia elementos góticos polos seguintes aspectos:


- As bóvedas de cruzaría.
- As figuras na arcada da dereita colocadas seguindo o ritmo das arquivoltas.
- As figuras que anuncian o Gótico son sobre todo as das xambas, o Santiago do parteluz e os 24 anciáns do arco central:

- ⊙ Tendencia ao vulto redondo polo que comezan a independizarse do marco arquitectónico e adquiren posturas máis naturais.

- ⊙ Ruptura coa lei da frontalidade.
- ⊙ Humanización das figuras que se comunican e expresan sentimentos; rostros individualizados (non son rostros xenéricos, senón concretos) e idealizados, algúns de grande beleza...
- ⊙ Beleza idealizada.
- ⊙ Canon máis proporcionado, tendendo á estilización pero sen deformar as figuras.
- ⊙ Roupas cun tratamento máis naturalista (dun realismo excepcional para a época) xa que presentan dobras con formas, direccións e volumes variados, producindo sensación de profundidade.

A lectura da mensaxe iníciase na arcada esquerda (mirando o Pórtico de fronte), continúaase pola dereita e remátase na central.

- ▶ **Arcada esquerda:** composta por dúas arquivoltas coas figuras dispostas radialmente.



Na **arquivolta superior** represéntase ao pobo de Israel antes da chegada do Mesías, cando vivía na escuridade (no xudaísmo) seguindo a Lei mosaica (de Moisés), simbolizada polo cilindro que



esmaga ás figuras. Na arquivolta inferior represéntase a **chegada do Mesías** (Cristo aparece na clave da arquivolta como un mozo imberbe) que fai saír ao pobo de Israel da escuridade da Lei mosaica, por iso desaparece o cilindro. As figuras aparecen entre vexetación como símbolo de alegría.

- ▶ **Arcada dereita:** tamén composta por dúas arquivoltas coas figuras seguindo o ritmo das arquivoltas. Represéntase o **Xuízo Final**.




Nas súas claves aparecen: na superior, Cristo con barba e melena que preside o Xuízo Final; na inferior, o arcanxo San Miguel que pesa as almas. Na metade esquerda hai anxos que levan a nenos espidos (almas): son as almas dos benaventurados que están sendo conducidos á Gloria (arcada central); na metade dereita as figuras son devoradas por monstros: é o Inferno. É unha

imaxe moi expresiva do Inferno cun claro carácter pedagóxico: pecados como a gula (home que quere comer unha empanada e non pode porque ten unha serpe enroscada no pescozo, ou o seu compañeiro que trata de beber dunha bota de viño, algo imposible xa que está cabeza abaixo), malos pensamentos, roubos..., reflíctense neste Inferno do Pórtico da Gloria.



Comunicación
arcadas
laterais-
central




Anxos conducindo almas á Gloria

A comunicación entre as arcadas laterais e a central realízase a través de anxos nas enxutas que levan nenos espidos cara á arcada central: os que proceden da arcada esquerda levan coroa xa que son o pobo de Israel, o pobo elixido por Deus.

► Arcada central: é a máis interesante e importante xa que nela intervén directamente o mestre

Mateo. Nesta arcada é onde aparecen elementos que anuncian o Gótico:

- Tímpano e arquivolta: a Gloria (os benaventurados con Cristo na Xerusalén Celeste). A escena está presidida polo Cristo Pantocrátor, sentado sobre o trono ce-



lestial e con coroa de rei; está rodeado pola mandorla. Presenta elementos propios do Románico: hierático, frontal, cunha clara perspectiva xerárquica, pero anuncia o Gótico noutros aspectos: altorrelevo, proporcionado, roupa traballada dun xeito

máis naturalista, ao igual que o corpo, que empeza a estar modelado; o rostro, a pesar da seriedade, é doce e fermoso; quere mostrar un Deus máis humano, por iso ensina as feridas nas mans, pés e costado.


O tetramorfos, de menor tamaño, aparece rodeando a Cristo: dous evanxelistas enriba e dous abaixo; son tamén figuras en altorrelevo que utilizan os símbolos como pupitres nos que están escribindo os Evanxeos: na parte superior esquerda, Mateo que ten un pupitre normal; na superior dereita Xoán, cun pupitre con forma de aguia; na parte inferior esquerda, Marcos, cun pupitre con forma de león; na inferior dereita, Lucas, cun pupitre con forma de touro.

A ambos lados desta escena principal aparecen: na parte superior, os **benaventurados** representados coma nenos, figuras moi pequenas pero moi proporcionadas que mostran actitudes e xestos moi diferentes (algunhas están sorrindo e comunicándose entre elas); na parte inferior, **anxos que levan os instrumentos da Paixón de Cristo** (a Columna, a Cruz, a Coroa de espiñas, a lanza, os cravos...): non mostran temor, son tan só os portadores dos instrumentos da Paixón, simbolizando os sufrimentos de Cristo como Home. Na arquivolta, que se coloca como se fora un grande banco, os **24 anciáns** dispóñense radialmente: son figuras en alto relevo, sedentes (sentados); represéntanse no momento en que afinan os seus instrumentos de corda (representación totalmente nova), esculpidos cunha grande perfección; mostran actitudes moi naturais; Mateo colócaos por parellas e conversando entre eles; presentan un canon de proporcións natural; os rostros son doces e mostran sentimentos; as dobras das roupas son variadas, con volumes, direccións e profundidades diferentes. Son figuras naturalistas pero de beleza idealizada.

- **Parteluz:** no zócalo sitúase un home con barbas e dous leóns, un a cada lado: é Hércules (heroe da mitoloxía grega que venceu a un león) que simboliza a Cristo que vence ao pecado. Enriba aparece unha columna de mármore con figuras esculpidas en baixorrelevo: o fuste ten forma de árbore (con ramas percorréndoo), simboliza a Árbore de Xessé (pai de David e primeiro antepasado humano de Cristo), é dicir, a árbore xenea-





lóxica de Cristo, os seus antepasados humanos; na parte superior do fuste, a Virxe, a quen non tocan as ramas: simboliza a súa pureza, virxindade; no capitel represéntase á Santísima Trindade: o Pai é un ancián que leva no colo ao Fillo, un neno, e enriba de ambos unha pomba que simboliza o Espírito Santo. O fuste da columna simboliza a natureza humana de Cristo, o capitel, a Súa natureza divina (repetíndose o tema que aparece en Praterías). Sobre a columna, a figura sedente do Apóstolo Santiago que aparece frontal para dar a benvinda aos peregrinos; viste túnica e manto e ten un nimbo de cobre dourado, nunha man leva o bastón de peregrino en forma de Tau ("T" grega) e na outra sostén un perga-



miño no que se le: “Misit me Dominus” (“Envíame o Señor”); é unha figura de vulto redondo que mostra unha grande beleza: canon proporcionado, dozura no rostro, naturalismo idealizado...

- **Xambas:** na da dereita aparecen 4 Apóstolos (predicaron a palabra de Deus: per-



tencen ao *Novo Testamento*), na da esquerda, 4 Profetas (anunciaron a chegada do Mesías: pertencen ao *Antigo Testamento*). En ambos casos as figuras aparecen conversando por parellas. Por enriba de todos destaca o


Profeta Daniel (a figura máis evolucionada de todas as do Pórtico), un mozo imberbe (sen barba) que se representa de pé,



está sorrindo dun xeito moi expresivo, non só cos labios, tamén cos ollos, mira cara a un lado para falar co seu compañeiro, polo que racha coa lei da frontalidade,. Ten un canon de proporcións moi estilizado, o seu cabelo rizado

produce sensación de naturalismo ao igual que as dobras da roupa, moi variadas nos seus volumes, direccións e profundidades, aínda que tenden á verticalidade polo que acentúan a estilización da figura: a estilización será un elemento destacado da escultura gótica. Con Daniel, a mensaxe da Igrexa comeza a cambiar: é unha

figura idealizada pero máis humanizada, que mostra sentimentos alegres.



- ▶ **Zócalos:** animais fantásticos que simbolizan os vicios e pecados esmagados pola Gloria Superior.
- ▶ Nos **muros** aparecen 4 anxos de aspecto delicado e melancólico tocando as trompetas: chaman aos seres humanos ao Xuízo Final.